



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

-PERSONAL-

ANUNCIO

O Concello de Santiago de Compostela anuncia convocatoria pública, co obxecto da elaboración de listas de reserva (de agarda) e posterior nomeamento de funcionarios/as interinos/as, de ser o caso, para a provisión de prazas de:

- Arquivreiro/a, subgrupo A1 de clasificación
- Arquitecto/a técnico/a, subgrupo A2 de clasificación
- Enxeñeiro/a técnico/a, subgrupo A2 de clasificación
- Traballador/a social, subgrupo A2 de clasificación
- Tratorista-palista, subgrupo C2 de clasificación
- Operario-albanel, subgrupo C2 de clasificación

REQUISITOS:

Establecidos nas bases reguladoras específicas de cada procedemento publicadas na *páxina* Web do Concello: www.santiagodecompostela.gal

BAREMO: (*)

Será o establecido no Acordo regulador-Convenio colectivo para o persoal ao servizo do Concello de Santiago 2009-2012 (BOP número 22, do 03/02/2010).

()O baremo de puntuación do currículum vitae e os impresos de solicitude están a dispor dos aspirantes na Oficina de Información Municipal (Rúa Presidente Salvador Allende núm 4, baixo). Igualmente pode ser consultado na páxina Web do Concello: www.santiagodecompostela.gal*

PROBAS:

Establecidas nas bases reguladoras específicas de cada procedemento publicadas na *páxina* web do Concello: www.santiagodecompostela.gal

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E LISTADO DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:

As persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes, no **PRAZO DE 8 DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio, **debendo xuntar copia do DNI**, acompañadas da documentación que acredite a titulación e demais requisitos, e os méritos a ter en conta. Publicada no Taboleiro e web municipais a relación provisional de admitidos e excluídos, os interesados disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar as reclamacións que estimen oportunas. Rematado dito prazo, publicaranse as listas definitivas e o lugar e data de celebración da proba.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, a concelleira-delegada de Economía e Facenda,
Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local (PD)

Asdo.- Marta Abal Rodríguez